



RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

OFERTA E SELECCIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O POSTO DE SOCORRISTA, DO SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS PISCINAS MUNICIPAIS, Ó ABEIRO DA ORDE DE 12 DE DECEMBRO DE 2017 POLA QUE SE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO AMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA COBERTURA PARA O EXERCICIO DO ANO 2018 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA

O obxecto da presente Resolución é proceder á contratación de **dúas prazas de Socorrista para as piscinas municipais** e establece-los criterios para a súa selección.

Ao abeiro da Orde que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG núm. 8 de 11 de xaneiro de 2018) o Concello das Neves, ten solicitada subvención para a contratación de dous socorristas para a actuación denominada “Atención ás Piscinas Municipais”, a tempo completo e por o período de dous meses.

Se pretende por tanto a contratación de DOUS SOCORRISTAS A TEMPO COMPLETO, destinados a prestar o SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS PISCINAS MUNICIPAIS. Segundo se establece na mencionada Orde, o Servicio Galego de Colocación remitirá a correspondente relación de candidatos, recaendo no Concello a competencia para efectua-la selección entre estes.

As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:

- *Dous Socorristas*
 1. Duración: DOUS MESES E MEDIO (23/06/2018 a 09/09/2018
 2. Xornada: TEMPO COMPLETO: 8 horas/día
 3. Retribucións Salariais:
 1. Salario Bruto incluída prorrata pagas extras: 1.161,34 €
 2. Seguridade Social-Cota Patronal: 402,98 €

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento. Ademais os aspirantes deben figurar como socorristas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (Decreto 104/2012, do 16 de marzo), ou ter cursada debidamente a solicitud.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

- 1.- Avoca-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto
- 2.- Aprobala correspondentes ofertas de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- 3.- Aprobalos seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible ter a categoría referida, e tendo en conta a posibilidade de aumentala puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:

- a) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Posuí-lo certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente
- h) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- i) Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na orde.

As persoas seleccionadas, deberán acreditar previamente a súa contratación, certificado da carencia de delitos de natureza sexual para traballar con menores, tal como establece a normativa vixente.

BASE SEGUNDA BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta son os seguintes:

1.- Formación Profesional: A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos. Valoraranse os cursos impartidos por organismos públicos competentes relacionados coa praza á que aspira:

- Cursos ata 25 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 26 a 50 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 0.50 puntos por curso
- Xornadas e cursos nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada.
- Participación en cursos da FESS, FESSGA ou IDISSA: 1.00 puntos por cada curso.

2.- Acreditación do grado de coñecemento de Galego:

- Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos
- Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.30 puntos.
- Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.5 puntos
- Celga 5 ou superiores: 1 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

3.- Situación persoal: Dacordo co citado artigo 14 da *Orde do 12 de decembro*, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares,

A valoración deste apartado será a seguinte:

- Nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias: 2 puntos (a puntuación máxima outorgarase ós candidatos que acrediten menor nivel de protección).
- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por éstas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental (máximo 2 puntos).

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán

presentarse no Rexistro Xeral do Concello de as Neves, como data límite o día 14 de xuño de 2018, sendo o horario de presentación de documentación: de luns a venres: 09:00-14:00 h.

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos (Anexo III)
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada.

BASE CUARTA : ENTREVISTA:

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polos aspirantes o tribunal celebrará unha entrevista coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Nesta fase de entrevista poderase realizar ós candidatos unha comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver.

Esta entrevista valorarase ata un máximo de 2 puntos.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos.

Tal e como se establece na Orde de 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Servizo Galego de Colocación remitirá ó Concello a relación de candidatos. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

A entrevista será o día 15 de xuño de 2018 ás 10 horas na casa do Concello .

BASE QUINTA: PROCEDIMIENTO:

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista da documentación aportada, polos polos/as candidatos/as, e da entrevista persoal que se lles fará. Aqueles que obteñan a máxima puntuación, serán propostos para a cobertura das prazas.

Os/as candidatos/as que resulten propostos pola Comisión seleccionadora deberán proba-los méritos tidos en conta na proposición, mediante a presentación da documentación oportuna. Caso de non face-lo así, será proposto o seguinte clasificado na valoración feita pola Comisión Seleccionadora.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na súa páxina na web e na sede electrónica do Concello.

BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáase a iniciar un novo procedemento selectivo.

BASE SÉTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Concepción Eulalia Solano De Eyto , ou persona en quen delegue

Vocais:

- Noelia Rodríguez Corbillón, ou persona en quen delegue
- Manuel Gándara Souto, ou persoa en quen delegue
- Esperanza Goyanes López, ou persoa en quen delegue

Secretaria: Ramona Giraldez Carballo, ou persoa en quen delegue

BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

As Neves, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

A SECRETARIA

Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electrónicamente)